

ORDENANZA MUNICIPAL POLA QUE SE APROBA A CREACIÓN DOS FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE CASTRELO DO VAL.

A existencia de ficheiros de carácter persoal e os avances tecnológicos, singularmente os informáticos, suponen posibilidades de intromisión no ámbito da privacidade e intimidade así como de limitación e vulneración do dereito á autodisposición das informacións que son relevantes para cada persoa. Por elo a ordenación xurídica recoñece dereitos neste campo e establece mecanismos para a súa garantía. A Constitución Española, no seu artigo 18 recoñece como dereito fundamental o dereito ó honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe e establece que a Lei limitará o uso da informática para garantir o honor e a intimidade persoal e familiar dos cidadán e o pleno exercicio dos seus dereitos. O Tribunal Constitucional, interpretando este artigo, declarou na súa jurisprudencia, e especialmente nas súas Setencias 290/2000 e 292/2000, que o mesmo protexe o dereito fundamental á protección de datos de carácter persoal, outorgándolle unha sustantividade propia. Este dereito foi denominado pola doutrina como “dereito á autodeterminación informativa” ou “dereito á autodisposición das informacións persoais” e que, cando se refire ó tratamento automatizado de datos, inclúese no concepto mais amplo de liberdade informativa.

A Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD) establece un conxunto de medidas para garantir e protexer este dereito fundamental.

É responsabilidade das administracións locais aquilo concerniente á creación, modificación ou supresión de ficheiros de datos de carácter persoal.

O artigo 20 da LOPD establece que a creación, modificación ou supresión de ficheiros das Administracións Públicas só poden facerse por medio de disposición de carácter xeral publicada no BOP ou Diario Oficial correspondente.

As Corporacións Locais crearán, modificarán e suprimirán os seus ficheiros mediante a correspondente ordenanza municipal ou calquera outra disposición de carácter xeral. Nos termos previstos na Lei 7/1985, do 2 de abril, RBRL, e no seu caso, na legislación autonómica.

Primeiro. Creación.

Créanse os ficheiros de datos de carácter persoal sinalados no Anexo I.

Segundo. Medidas de seguridade.

Os ficheiros automatizados que se creen pola presente Ordenanza cumpren as medidas de seguridade establecidas no Real Decreto 994/1999 do 11 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal.

Terceiro. Publicación

De conformidade co artigo 20 da LOPD, ordénase que a presente Ordenanza sexa publicada no BOP.

Cuarto. Entrada en vigor.

A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no BOP.

ANEXO I

Os ficheiros creados mediante a presente Ordenanza Municipal e as súas respectivas descrições son as seguintes:

1. FICHEIRO IMPOSTOS.

- Responsable do ficheiro: Concello de Castrelo do Val.
- Finalidade: Xestión dos diferentes impostos municipais de ...
- Afectados: Persoas obrigadas ó pago dos impostos municipais.
- Procedemento de recollida: A través do imprego de pago ou domiciliación bancaria do mesmo.
- Tipos de datos: Datos identificativos.
- Nivel de seguridade: Nivel Básico.
- Exercicio de dereitos: Rúa Tournal nº 15 – 32625 Castrelo do Val.
- Cesións: Non.

2. FICHEIRO CLIENTES PROVEEDORES

- Responsable do Ficheiro: Concello de Castrelo do Val.
- Finalidade: Xestión da contabilidade do Concello.
- Afectados: Persoas de contacto en empresas clientes e provedores do Concello.
- Procedemento de recollida: A través dos contratos celebrados con Empresas, clientes e provedores do Concello.
- Tipos de datos: Datos identificativos e de contacto.
- Nivel de seguridade: Nivel básico.
- Exercicio de dereitos: Rúa Tournal nº 15 – 32625 – Castrelo do Val.
- Cesións: Goberno da comunidade e Ministerio de Facenda.

3. FICHEIRO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES.

- Responsable do Ficheiro: Concello de Castrelo do Val.
- Finalidade: Control dos veciños que se atopan empadroados no Concello de Castrelo do Val..
- Afectados: Cidadáns ou veciños do municipio.
- Procedemento de recollida: Formularios de solicitude de alta e de solicitude de cambio de residencia.
- Tipos de datos: Datos identificativos
- Nivel de seguridade: Nivel básico.
- Exercicio de dereitos: Rúa Tournal nº 15 – 32625 – Castrelo do Val.
- Cesións: Deputación de Ourense..

4. FICHEIRO PADRÓN CATASTRO.

- Responsable do Ficheiro: Concello de Castrelo do Val.
- Finalidade: Xestión dos bens inmbles rústicos, urbanos e de características especiais que se atopan ubicados no municipio de Castrelo do Val.
- Afectados: Propietarios dos inmbles no municipio.
- Procedemento de recollida: Cumplimentación do Formulario PADECA.
- Tipos de datos: Datos identificativos.
- Nivel de seguridade: Nivel básico.
- Exercicio de dereitos: Rúa Tournal nº 15 – 32625 – Castrelo do Val.
- Cesións: Non.

5. FICHEIRO REXISTRO DE ENTRADA E SAIDA

- Responsable do Ficheiro: Concello de Castrelo do Val.
- Finalidade: Xestión do Rexistro de Entrada e Saida do Concello.
- Afectados: Cidadáns que presentan documentación no Rexistro municipal.
- Procedemento de recollida: Cumplimentación dun Formulario de rexistro de Entrada.
- Tipos de datos: Datos identificativos.
- Nivel de seguridade: Nivel básico.
- Exercicio de dereitos: Rúa Tournal nº 15 – 32625 – Castrelo do Val.
- Cesións: Non.

6. FICHEIRO URBANISMO

- Responsable do Ficheiro: Concello de Castrelo do Val.
- Finalidade: Elaboración de informes de carácter técnico..
- Afectados: Persoas cuios datos se atopan incluídos nos expedientes.
- Procedemento de recollida: Os datos recóllense directamente dos interesados.
- Tipos de datos: Datos identificativos.
- Nivel de seguridade: Nivel básico.
- Exercicio de dereitos: Rúa Tournal nº 15 – 32625 – Castrelo do Val.
- Cesións: Non.

7. FICHEIRO PARELLAS DE FEITO

- Responsable do Ficheiro: Concello de Castrelo do Val.
- Finalidade: Xestión do Rexistro de Parellas de Feito do Concello..
- Afectados: Persoas que manteñen unha relación estable de convivencia sin haber contraído matrimonio.
- Procedemento de recollida: Directamento dos titulares dos datos mediante o formulario de “Rexistro de Parellas de Feito”.
- Tipos de datos: Datos identificativos.
- Nivel de seguridade: Nivel básico.
- Exercicio de dereitos: Rúa Tournal nº 15 – 32625 – Castrelo do Val.
- Cesións: Non.

8. FICHEIRO CENSO CANINO

- Responsable do Ficheiro: Concello de Castrelo do Val.
- Finalidade: Xestión do Censo Canino do Concello de Castrelo do Val..

- Afectados: Amos ou propietarios dos animais ubicados no municipio de Castrelo do Val.
- Procedemento de recollida: Mediante formularios destinados ó efecto.
- Tipos de datos: Datos identificativos.
- Nivel de seguridade: Nivel básico.
- Exercicio de dereitos: Rúa Toural nº 15 – 32625 – Castrelo do Val.
- Cesións: Departamento de Medio Ambiente do Goberno da Comunidade.

9. FICHEIRO NÓMINAS

- Responsable do Ficheiro: Concello de Castrelo do Val.
- Finalidade: Xestión de nóminas e persoal..
- Afectados: Traballadores do Concello de Castrelo do Val.
- Procedemento de recollida: Os seus datos persoais son recollidos mediante os contratos de traballo.
- Tipos de datos: Datos identificativos e datos de saúde de traballadores minusválidos.
- Nivel de seguridade: Nivel alto.
- Exercicio de dereitos: Rúa Toural nº 15 – 32625 – Castrelo do Val.
- Cesións: Non

10. FICHEIRO LICENCIAS

- Responsable do Ficheiro: Concello de Castrelo do Val.
- Finalidade: Xestión de Licencias outorgadas polo Concello.
- Afectados: Persoas interesadas en solicitar Licencias..
- Procedemento de recollida: Mediante un formulario de Solicitud de Licencias de Actividade.
- Tipos de datos: Datos identificativos.
- Nivel de seguridade: Nivel básico.
- Exercicio de dereitos: Rúa Toural nº 15 – 32625 – Castrelo do Val.
- Cesións: Deputación de Ourense

11. FICHEIRO ACTAS

- Responsable do Ficheiro: Concello de Castrelo do Val.
- Finalidade: Elaboración de Actas do Pleno municipal do Concello.
- Afectados: Alcalde e Concelleiros do Concello de Castrelo do Val.
- Procedemento de recollida: Formulario de solicitude de datos de Concelleiros.
- Tipos de datos: Datos identificativos e de ideoloxía política.
- Nivel de seguridade: Nivel alto.
- Exercicio de dereitos: Rúa Toural nº 15 – 32625 – Castrelo do Val.
- Cesións: Non

12. FICHEIRO SERVICIOS SOCIAIS

- Responsable do Ficheiro: Concello de Castrelo do Val.
- Finalidade: Xestión dos Servizos sociais do Concello.

- Afectados: Traballadores Sociais do Concello de Castrelo do Val.
- Procedemento de recollida: Formularios cumplimentados pola Traballadora Social
- Tipos de datos: Datos identificativos.
- Nivel de seguridade: Nivel básico.
- Exercicio de dereitos: Rúa Toural nº 15 – 32625 – Castrelo do Val.
- Cesións: Consellería de Traballo e Benestar.

13. FICHEIRO DE AXENTES DE PROMOCION ECONÓMICA

- Responsable do Ficheiro: Concello de Castrelo do Val.
- Finalidade: Xestiona-los datos dos Axentes de Promoción Económica que prestan servizo no Concello de Castrelo do Val.
- Afectados: Axentes de Emprego contratados polo Concello de Castrelo do Val.
- Procedemento de recollida: Formularios cumplimentados polo traballador.
- Tipos de datos: Datos identificativos e de contacto.
- Nivel de seguridade: Nivel alto.
- Exercicio de dereitos: Rúa Toural nº 15 – 32625 – Castrelo do Val.
- Cesións: Consellería de Traballo e Benestar, o C.E.E.I. Galicia S.A.(BIC Galicia).